


Como crear un contido na páxina web do cole:



Tedes que escribir a dirección da web do cole, como vedes na imaxe. Á esquerda teredes a opción Iniciar Sesión, onde teredes que por o **Nome de usuario** (tal cual vos mandei) e debaixo a **contrasinal** (tal cual tamén vos mando), clicar debaixo en **iniciar sesión**.

Agora entrades na web como usuario.

Escollede **crear contido**, e si xa o fixéstedes e queredes **modificalo en artigos recentes**.

Coidado nesta opción en abrir só os que son vosos, pois



despois o propietario non poderá modificalos.



Agora tedes que escoller o tipo de contido que queredes crear. Recomendo seleccionar a opción de **páxina**.


Na nova xanela debes por un **título** (ollo á ortografía, maiúsculas,...) e decidir onde aloxar o contido. Sempre é mellor escoller en **forno** a opción **aqueles**, ata que teñades a páxina completa e ao voso gusto para facela visible, pois aínda que

sempre a podedes **modificar**, si vai con **faltas non queda moi ben**.


Para modificala, recordade que era a **opción artigos recentes**




Mirade como vai este menú, con clicar no que é voso (so nos vosos, que podedes estropear os dos demais). Na imaxe inferior vedes a opción de editar a vosa



páxina. Clicade en **editar** e volveredes a ter o editor que veremos na páxina seguinte.




O editor: Agora imos ver como se escribe o texto e como se insire unha imaxe. Como modificar o texto (tamaño, cor, sombreado,...)



Esta primeira opción (B I U) permite escoller negraña, cursiva ou suliñado.

Tedes despois a opción de alineado do texto (á esquerda, centrado, dereita ou xustificado, nesa orde) Despois, seguindo na fila superior, tedes a opción de establecer no texto apartados numerados ou punteados.

Para inserir imaxes  marcado coa frecha vermella, o símbolo da árbore permite inserir unha imaxe que explicaremos despois.


 Na letra **A** que tedes escolledes a opción de cor (tedes que seleccionar co rato previamente o texto) e tamén do mesmo xeito no seguinte icono **ab** podedes escoller unha cor de fondo para o texto.

Na segunda fila, tedes a opción de escoller opcións párrafo, Fonte e tamaño da Fonte.

Con estes botóns desta barra de ferramentas tedes xa abondas opcións para crear unha páxina, pero podedes explorar sen medo (incluír vídeos ou gifs é complicado ata para min).

Como subir unha imaxe:


Agora imos ver os pasos para subir unha imaxe. Tedes que tela no voso ordenador, despois buscala e engadila na web. Imos paso a paso




Clicando no cadro da árbore, abre unha nova fiestra onde vedes que tedes estas opcións. Clicade no **cadriño** sinalado, mellor que por unha url, pois quedamos en que as imaxes deben ser propias. Ollo, non serve para fotos, xa que temos que reducirilles o tamaño preivamente, pois non deixa subir ficheiros moi “pesados” e ademais ocuparían toda a pantalla.

Escollemos Upload para que nos abra as carpetas do noso equipo




Agora clicamos en examinar  e abríavos o directorio de carpetas do voso equipo. Escollede a imaxe que queredes subir.



Agora toca navegar. Despois explicarei como axustar o tamaño da imaxe. O formato mellor jpg.



Unha vez localizada a imaxe clicar nela.




Pinchade sobre a imaxe que queredes e dádelle dobre clic ou na opción **abrir**



Clicade agora na opción **Subir**. Agora tedes unha imaxe onde a imaxe cargada sae resaltada en azul e abaixo a vedes en miniatura. Dobre clic no texto resaltado en azul.




Agora fixádevos que podedes **escoller as dimensións**. Non sobrepasesdes 500 pois ocuparía moita pantalla. Teredes que calcular a relación pois tedes que por o alto e o longo xa que non garda as proporcións. Olo ás proporcións e ao peso, o máximo é 1 Mb. Clicando en **insertar** xa a tedes na páxina



Agora queda gardar a páxina. Recordade que aínda non a fixemos visibles máis que para os que entran coma vós como usuarios con nome e contrasinal.

Baixades hacia o fondo da páxina e veredes o botón para **gardar**. Clicades e xa tedes a vosa páxina creada. Nas seguintes páxinas veremos como adxuntar un ficheiro, que aparecerá debaixo da nosa páxina e como modificar o tamaño dunha imaxe co paint que ven por defecto nos equipos con Windons.




Como adxuntar un pdf ou foto


Agora imos adxuntar un documento. Na imaxe que tedes na páxina anterior, abaixo e á dereita tedes dúas frechas verdes que sinalan examinar e adxuntar. Clicade en **examinar**. Agora abriравos as carpetas do voso ordenador, buscade o ficheiro (que non supere 5 Mb, pois é o límite), seleccionade abrir. Empezará a cargar o ficheiro e despois so tedes que clicar en **adxuntar**. Non esquezades darlle a gardar.

Como modificar o tamaño dunha imaxe: Paint

Para modificar o tamaño tedes que seleccionar a imaxe e darlle a abrir con, escoller paint.



Clicade na imaxe, dádeslle co botón dereito do rato, abrir con, e escolledes o programa, neste caso Paint que o teñen por defecto os ordenadores con sistema Windows



A imaxe sairá que non se verá por completo, clicades en **inicio**. Agora tedes todo o menú e escolledes a opción **cambiar tamaño**. Sáevos a opción de por novo tamaño, nova proporción,.. Cambiades o 100 nos dous sitios, vertical e horizontal, por exemplo por 25, e dádelles a aceptar. Despois, no **menú de paint**, dádelles a gardar ou gardar como, (si non queredes perder a imaxe orixinal, mellor gardar como). En gardar como vos dará opción a escoller formato, mellor jpg, e pódelle un nome novo que sexa fácil de identificar para esa imaxe. Cun pouco de sorte a imaxe xa terá un tamaño axeitado e menos peso en Mb para subir. De ser moi grande repetide a operación. É cuestión de ir probando.

